



Concello de Viveiro

SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE A O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2016

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

AUSENTES:

D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 6 de outubro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte do Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

3.- LICENZAS URBANÍSTICAS

EXPTE 1254/2016. JESÚS BENIGNO NOVO GABEIRAS.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Jesús Benigno Novo Gabeiras para substitución de ventás de madeira por outras iguais en forma, cor e dimensións, en aluminio lacado en cor branca, no inmovible sito na rúa Diaz Freijo, nº 4-3º no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3055602PJ1335N0010SU.

Visto que o 7 de xullo de 2016 tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Viveiro a resolución de 30 de xuño da xefa do servizo de coordinación da área cultural ditada por delegación da directora xeral de patrimonio cultural, autorizando as actuacións propostas toda vez que o inmovible atópase no contorno de protección do Conxunto arquitectónica da Igrexa e Convento de San Francisco (elemento declarado BIC).

Visto o informe técnico favorable, emitido pola aparelladora da ofical municipal do casco antigo de Viveiro coa conformidade do arquitecto municipal.

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da LSG, as intervencións en inmobles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable

- O inmovible sobre e que se pretende actuar atópase no contorno de protección do Conxunto arquitectónico da Igrexa e Convento de San Francisco (elemento declarado BIC) polo que, de conformidade co disposto no punto 11 do Anexo do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, as actuacións urbanísticas dentro das áreas de protección definidas nas letras a), b) e c) precisarán do informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante; segundo se indica no apartado segundo de antecedentes, consta no expediente o informe favorable nesta materia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base ó informe-proposta emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, ACORDA

Primeiro.- Outorgar a Jesús Benigno Novo Gabeiras licenza municipal para executar obras de substitución de ventás de madeira por outras iguais en forma, cor e dimensións, en aluminio lacado en cor branca, no inmovible sito na rúa Diaz Freijo, nº 4-3º no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3055602PJ1335N0010SU

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a) O oscurecemento dos ocos deberá facerse por medio de contraventas colocadas polo interior xa que as persianas non están permitidas no PEPRI
- b) De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal
- b) Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.



Concello de Viveiro

Terceiro.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses, a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE 633/2016. JOSÉ MANUEL PITA PAREDES. LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. José Manuel Pita Paredes para a realización de REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, no INMOBLE, con referencia catastral 2935427PJ1323N0002GP, situado en LG. ATALLO 4 MAGAZOS, desta localidade. A solicitude acompáñase de proxecto técnico (basico e de execución) asinado polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy visado polo COAG en data 3 de xuño de 2016 co numero 1603206 e oficio de dirección facultativa a favor do antedito técnico. No proxecto inclúese a execución dun muro de contención e a substitución da cuberta dun alpendre existente.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal. No referido informe sinálase que as modificacións propostas se adecuan ó entorno, tratándose de obras de rehabilitación de edificación existente de carácter tradicional, dándose cumprimento ao artigo 40 da Lei 2/2016, do solo de Galicia. Engádese que o arquitecto redactor do proxecto fai constar que se cumpre coa normativa técnica aplicable. Establécese unha fianza de 1.200,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar en bens municipais pola realización das obras.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Visto o informe xurídico emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e no artigo 24.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Concellos están facultados para intervir a actividade dos administrados mediante a esixencia de depósito previo de garantías que sirvan para responder dos danos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución de obras, coa finalidade de reconstruír ou reparar os posibles danos que nel se causaren. Segundo o informe técnico emitido polo arquitecto municipal, a garantía a establecer para a reparación dos posibles danos nos bens municipais e espazos públicos durante a execución das obras é de 1.200,00 euros

- O servizo de urbanismo, á vista dos antecedentes que se describen no informe, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía)

A Xunta de Goberno Local, en base ao informe-proposta emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder Licencia Urbanística a PITA PAREDES, JOSE MANUEL para executar obras consistentes na REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, no INMOBLE de referencia catastral 2935427PJ1323N0002GP, situado en LG. ATALLO 4 MAGAZOS, desta localidade, de acordo co proxecto técnico (basico e de execución) e demais documentación técnica asinada polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy e baixo a súa dirección facultativa e co cumprimento das seguintes determinacións:

- a) As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico achegado coa solicitude e demais documentación técnica incorporada ao expediente
- a) O promotor deberá constituir na Tesourería municipal, no prazo dos quince días seguintes ao da notificación do acto de concesión da licenza, unha fianza de 1.200,00 euros en garantía da reposición de pavimentos e/ou arranxo de desperfectos que se poidan ocasionar nos viais municipais durante a execución das obras. Unha copia do xustificante de ter cumprida dita obriga deberase incorporar ao expediente urbanístico.
- b) De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa autorización municipal

Segundo.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses, a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal aos efectos oportunos

EXPTE 1154/2016. JACOBO PALMEIRO CHAO. LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Jacobo Palmeiro Chao, para executar obras consistentes na CONSTRUCCIÓN DE BALCÓN EXTERIOR EN VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE, URBANIZACIÓN E OBRAS INTERIORES, en INMOBLE con referencia catastral 3578118PJ1337N0002AD, sito na rúa ILLA COELLEIRA, 35 ATALAIA CELEIRO, de esta localidade. Coa solicitude o interesado achegou proxecto técnico asinado pola arquitecta Susana Perez Pereiras, visado polo COAG o 29 de xuño de 2016 co número 1603899, e oficio de dirección facultativa a favor da citada arquitecta

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto, no que se sinala que as obras cumpren coa ordenanza de aplicación, e que a arquitecta redactora do proxecto fai constar que o mesmo cumpre coa normativa técnica aplicable.

Visto o informe xurídico emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

- Á vista dos antecedentes que se recollen no informe, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en base ao informe-proposta emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza Urbanística a PALMEIRO CHAO JACOBO, consistentes na CONSTRUCCIÓN DE BALCÓN EXTERIOR EN VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE, URBANIZACIÓN E OBRAS INTERIORES en INMOBLE con referencia catastral 3578118PJ1337N0002AD sito en ILLA COELLEIRA, 35 ATALAIA CELEIRO, de esta localidade, de acordo co proxecto técnico asinado pola arquitecta Susana Perez Pereiras, visado polo COAG o 29 de xuño de 2016 co número 1603899, e baixo a súa dirección facultativa

Segundo.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses, a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 1386/2016. MARCIAL RODRÍGUEZ IGLESIAS. LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Marcial Rodríguez Iglesias para a reforma de vivenda afectada por incendios no lugar de Toxeiras, nº



Concello de Viveiro

27 parroquia de Landrove, de referencia catastral 001306600PJ13A0001MB . Coa solicitude achégase proxecto técnico, en formato CD, redactado pola arquitecta Susana Perez Pereiras, visado polo COAG o 30 de xuño de 2016, co número 1603958 e oficio de dirección facultativa das obras a favor da antedita arquitecta.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, no que se sinala que as obras propostas se adecuan ao entorno onde se atopa, atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais integradas no conxunto. Maníéstase que se trata de obras de reforma parcial dunha vivenda tradicional afectada por incendio, as cales cumpren o disposto no artigo 40 da lei 2/2016 do Solo de Galicia, sobre edificacións existentes de carácter tradicional en solo de núcleo rural, mantendose as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria; as actuacións descritas adecúanse á ordenanza de aplicación (a regulada no punto num. 7 - solo de núcleo rural - do anexo do decreto 102/2006, do 22 de xuño, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño). Indícase que a arquitecta redactora do proxecto manifesta que o mesmo cumpre coa normativa técnica aplicable.

Visto o informe xurídico emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que manifesta o seguinte:

- Procedemento. De conformidade co disposto no artigo 142.2 da LSG, en relación co artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), as actuacións proxectadas constitúen actos de edificación e uso do solo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisan de proxecto de obras de edificación, polo que están suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 143 da LSG. O expediente dispón da documentación completa, necesaria para outorgamento da licenza, non precisando de autorizacións e/ou informes sectoriais segundo se desprende do informe técnico ao expediente.

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

de xuño; de acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe técnico favorable do arquitecto municipal que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza de solo de núcleo rural, regulada no punto 7 do anexo do Decreto 102/2006.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base á proposta emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Outorgar a MARCIAL RODRÍGUEZ IGLESIAS licenza municipal para a reforma de vivenda afectada por incendio no lugar de Toxeiras, nº 27 parroquia de Landrove, de referencia catastral 001306600PJ13A0001MB, de acordo co proxecto técnico redactado pola arquitecta Susana Perez Pereiras, visado polo COAG o 30 de xuño de 2016, co número 1603958 e baixo a súa dirección facultativa

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a) As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.
- b) De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal
- c) Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- As condicións xerais ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- 1.1 A presente licenza só facultará ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.
- 1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección do técnico que figura no expediente.
- 1.3 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
- 1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen

Concello de Viveiro

incurrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

1.5 A licenza urbanística constitúe un requisito legal para a contratación da subministración dos servizos de enerxía eléctrica, auga, gas, telefonía e telecomunicacións, nos casos e termos establecidos na lexislación urbanística.

1.6 Réxime de caducidade das licenzas:

- a. O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos, desde o día seguinte ao de notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, e non poderán interroperse as obras por tempo superior a seis meses.
- b. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- c. A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podendo iniciarse nin continuar as obras, agás traballos de seguridade e mantemento, dos que se dará conta ao Concello apra o seu control

1.7 Nas obras de nova edificación e reestruturación xeral, o promotor deberá dispoñer dun cartel informativo visible dende o exterior, no que consten:

- a) O nome e apelidos dos seguintes técnicos: dos proxectistas, dos directores da obra e de execución da obra, do coordinador de seguridade e saúde e dos contratistas.
- b) Ordenanza que se aplica e usos aos que se vai destinar a edificación.
- c) Data de expedición da licenza e prazo de execución das obras.
- d) Número de plantas autorizadas.
- e) Número de expediente.
- f) Prazo de execución das obras.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 1485/2016. BEGASA. LICENZA DE OBRA.

Resultando que B.E.G.A.S.A. presentou, o 29 de xullo de 2016, unha comunicación previa de obras para reforma da L.M.T. Viveiro 3 derivación a



Concello de Viveiro

C.T.4810 Casanova, acompañada de proxecto técnico redactado polo enxeñeiro industrial Enrique Fernandez Olea e visado polo ICOIIG en data 1 de xullo de 2016, co número 20161724, ingresando os tributos municipais en conceptos de ICIO e taxas de licenza urbanística e expedición de documentos o día 28 de xullo

Resultando que a solicitante foi requirida para a subsanación da documentación presentada, toda vez que a solicitude debía tramitarse polo procedemento de licenza urbanística por afectar a terreos de dominio público

Visto que o 9 de setembro de 2016, B.E.G.A.S.A. formaliza solicitude de licenza urbanística mediante escrito rexistrado de entrada no rexistro municipal co número 2016-E-RC-6297, no que se describen as obras como instalación dun novo CT e realización de varios tramos de canalización para enlce coas redes existentes de BT e MT en Casanova-Celeiro para subsanar a situación antirreglamentaria da LMT Viveiro 3, eliminando o CT de Casanova e instalando un novo CT. Achega oficio de asunción da dirección técnica por parte do enxeñeiro industrial Enrique Fernandez Olea e xustificante de ter constituido un aval por importe de 3.000 euros, en garantía das obras solicitadas

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal. No referido informe sinalase que as obras cumpren coas normativas aplicables e que o enxeñeiro industrial redactor do proxecto fai constar que o mesmo cumpre coa normativa técnica aplicable. Establécese unha fianza de 3.000,00 euros para reposición de pavimentos e/ou arranxo de estragos que se podan ocasionar coa execución das obras, manifestando que consta no expediente copia do aval pola referida cuantía.

Visto o informe xurídico emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 144 da LSG, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo en terreos de dominio público (como é o presenta caso), tramítanse polo procedemento de licenza urbanística

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño; de acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe técnico favorable do arquitecto municipal que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións das ordenanzas de solo urbano e de sistema viario reguladas no anexo do Decreto 102/2006.

De conformidade co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e no artigo 24.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Concellos están facultados para intervir a actividade dos administrados mediante a esixencia de depósito previo de garantías que sirvan para responder dos danos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución de obras, coa finalidade de reconstruír ou reparar os posibles danos que nel se causaren. No expediente resulta acreditada a constitución dunha garantía por importe de 3.000 euros, estimada polo arquitecto municipal como necesaria e suficiente para garantir a reposición de pavimentos e/ou o arranxo cos estragos que se poideran ocasionar no viario público con motivo da execución das obras

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base á proposta emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Outorgar a B.E.G.A.S.A. licenza municipal de obras para reforma da L.M.T. Viveiro 3 derivación a C.T.4810 Casanova_Celeiro, de acordo co proxecto técnico redactado polo enxeñeiro industrial Enrique Fernandez Olea e visado polo ICOIIG en data 1 de xullo de 2016, e baixo a súa dirección facultativa

Segundo.- As obras deberán executarse con estrito cumprimento dos condicionamentos indicados no punto 2.8 do informe do arquitecto municipal, e de acordo coas seguintes condicións particulares

- a) De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal
- b) Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses, a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar



Concello de Viveiro

igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 1729/2016. ELENA YARA PENABAD SAAVEDRA. LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. Elena Yara Penabad Saavedra, para executar obras en Feira de Galdo, nº 47, na parroquia de Galdo, deste municipio de Viveiro, consistentes na REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN DE PLANTA BAIXA E ALTA PARA VIVENDA en INMOBLE con referencia catastral 000605100PJ13A0002AZ. Achega coa solicitude un proxecto técnico asinado polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG o 23 de xuño de 2016 co numero 1603769 e oficio de dirección de obra a favor do antedito facultativo

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal. No referido informe sinálase que se trata dunha rehabilitación de vivenda unifamiliar existente. O solo sobre o que se atopa a vivenda está clasificado como solo rústico especialmente protexido. Engádese que as modificacións propostas se adecuan ao entorno no que se sitúa a obra, e que se trata de obras de rehaabilitación de edificación existente de carácter tradicional, cumpríndose o establecido no artigo 40 da Lei do solo de Galicia. Sinálase que a parcela sobre a que se sitúa a edificación se atopa dentro da zona de policía de leitos e que as obras nese ámbito requirirán de autorización sectorial de augas de Galicia, segundo o Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Dominio Público Hidráulico. Manifesta o informante que ao tratarse de traballos de rehabilitación e adaptación dunha construción xa existente sen modificacións relativas á

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

forma e volume non é necesaria a referida autorización sectorial. Establécese unha fianza de 1.200,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar nos bens municipais motivados polas obras de construción.

Consta no expediente o informe técnico favorable á excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade de vivendas de Galicia establecidas no Decreto 29/2010, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas en Galicia [NHV] no referente ao seguinte:

- Dimensións do baño, superficie mínima [$< 5,00 \text{ m}^2$].
- Inscripción dun cadrado de $3,30 \times 3,30 \text{ m}$. na peza principal.
- As alturas libres [$< 2,50 \text{ m}$].

Visto o informe xurídico favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. O Planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 9 do Anexo regula o réxime do solo rústico especialmente protexido
- O informe dos servizos técnicos municipais acredita que as obras propostas, de rehabilitación da edificación existente de carácter tradicional, cumpre co disposto no artigo 40 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, no que se regulan os parámetros urbanísticos e as características esenciais das edificacións existentes de carácter tradicional, e a adecuación das actuacións propostas á lexislación e o planeamento urbanísticos.
- En canto á excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade de vivendas de Galicia establecidas no Decreto 29/2010, queda acreditada a súa xustificación no punto 1.5.1 do documento técnico, e foi informada favorablemente polo arquitecto municipal.
- De conformidade co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e no artigo 24.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Concellos están facultados para intervir a actividade dos administrados mediante a esixencia de depósito previo de garantías que sirvan para responder dos datos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución de obras, coa finalidade de reconstruír ou reparar os posibles danos que nel se causaren. Segundo o informe técnico emitido polo arquitecto municipal, a garantía a establecer para a reparación dos posibles danos nos bens municipais e espazos públicos durante a execución das obras é de 1.200,00 euros

-Visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguía a

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base aos antecedentes obrantes no expediente e á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder Licencia Urbanística a D^a. ELENA YARA PENABAD SAAVEDRA, para executar obras en Feira de Galdo, nº 47, na parroquia de Galdo, deste municipio de Viveiro, consistentes na REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN DE PLANTA BAIXA E ALTA PARA VIVENDA en INMOBLE con referencia catastral 000605100PJ13A0002AZ, de acordo co proxecto técnico asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG o 23 de xuño de 2016 co numero 1603769, e co cumprimento das seguintes determinacións:

- a) As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico achegado coa solicitude e baixo a dirección facultativa do arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy
- b) A promotora deberá constituir na Tesourería municipal, no prazo dos quince días seguintes ao da notificación do acto de concesión da licenza, unha fianza de 1.200,00 euros en garantía da reposición de pavimentos e/ou arranxo de desperfectos que se poidan ocasionar nos viais municipais durante a execución das obras. Unha copia do xustificante de ter cumprida dita obriga deberase incorporar ao expediente urbanístico.
- c) De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa autorización municipal

Segundo.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses, a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal aos efectos oportunos.

EXPTE. 1954/2016.- D. JAVIER CHAO OCA. LICENZA DE OBRA.

- A transmisibilidade das licenzas non precisa doutra condición que a necesidade de participar por escrito ao Concello outorgante a transmisión efectuada, segundo se recolle entre outras, na STS de 4 de marzo de 1998. Esta comunicación é o unico requisito que legalmente se impón, aínda que o incumprimento desta exigencia non afecta á pervivencia da licenza, que non caduca (sentencia do TS de 29 de setembro de 1987), nin á súa eficacia, senon que só determina o sometemento do transmitente e do cesionario a todas as responsabilidades que se deriven para o titular.

- Segundo informe dos servizos técnicos municipais de 10 de abril de 2008, emitido no procedemento de actividade clasificada tramitado a instancia da mesma mercantil para a actividade de café-bar restaurante (expediente 12/2006) e que non foi obxecto de resolución expresa, (...) *“Enténdese que o expediente debería ser tratado coma un mero trámite administrativo de cambio de titularidade polas seguintes razóns:*

- O café bar restaurante leva aberto varios anos e dende o Concello non se lle requiriu que tramitase o expediente de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas ata que o novo propietario solicitou o cambio de titularidade
- A documentación presentada apolo novo propietario corresponde a un “informe de actividade de local existente, café-bar-restaurant PARRILLADA TOMAS” en donde non se describe ningún tipo de obra a executar.
- No caso de que se lle tramitase o expediente de actividades molestas, debería presentar un certificado dunha empresa homologada onde se certifique o cumprimento da normativa acústica. No caso de que non se cumprira dita normativa, o propietario veríase obrigado a demoler todo o falso teito, colocar un aislamento e por último colocar un novo falso teito có correspondente desembolso económico.
- **CONCLUSIÓN:** Considérase que o novo propietario debe colocar un sistema axeitado de evacuación de fumes, olores e gases e que

Concello de Viveiro

dendo a Oficina de Urbanismo e Contratación tramiten o cambio de titularidade do negocio coma un mero trámite administrativo”.

- Na actualidade, o cambio de titularidade das actividades atópase suxeito a comunicación previa (artigo 44-3 da Lei do emprendemento de Galicia), sen mais requisito que o deber de quen exerza a nova titularidade de comunicalo por escrito ao concello; sen perxuízo do cumprimento en en todo momento das condicións técnicas que poidan afectar a seguridade das persoas e dos bens ou a convivencia entre a cidadanía

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base á proposta emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Que se debe dar por comunicado ao Concello de Viveiro o cambio de titularidade a favor de PARRILLADA TOMAS, S.L. da licenza de actividade para café-bar-restaurante de 2 tenedores que se exerce na rúa Cantarrana, outorgada pola Comisión de Goberno a Restaurante Cantarrana, S.L., en data 21 de maio de 2001, adoptando a resolución correspondente

Segundo .- Que o cambio de titularidade na licenza de actividade implica a obriga para o novo titular de cumprir en todo momento as condicións de tipo técnico que poidan afectar á seguridade das persoas e dos bens ou a convivencia entre a cidadanía, entre as que se atopa a relativa á colocación dun sistema axeitado de evacuación de fumes, olores e gases.

Segundo o establecido no artigo 27 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, quen ostente a titularidade das actividades debe garantir que os seus establecementos manterán as mesmas condicións que tiñan cando estas foron iniciadas, así como tamén adaptar as instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan. Quen ostente a titularidade das actividades debe comunicar ao órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo ás condicións ou características da actividade ou do establecemento. Será, en todo caso, necesaria unha nova comunicación previa, cumprindo os requisitos do artigo 24 da presente lei, nos casos de modificación da clase de actividade, cambio de emprazamento, reforma sustancial dos locais, instalacións ou calquer cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou peligrosidade do establecemento.

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal aos efectos oportunos (tales como o de recollida de lixo, abastecemento de auga, etc.)

3.- PROPOSTA DE GASTOS

Concello de Viveiro

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 1924/2016.- EXPTE. 1925/2016.- EXPTE. 1926/2016.- EXPTE. 1939/2016.- EXPTE. 1951/2016.- EXPTE. 1953/2016.- EXPTE. 1955/2016.- EXPTE. 1995/2016.- EXPTE. 1996/2016.- EXPTE. 1997/2016.- EXPTE. 1999/2016.- EXPTE. 2044/2016.- EXPTE. 2065/2016.- EXPTE. 2067/2016.- EXPTE. 2070/2016.- EXPTE. 2071/2016.- EXPTE. 2072/2016.- EXPTE. 2073/2016.- EXPTE. 2075/2016.- EXPTE. 2077/2016.- EXPTE. 2079/2016.- EXPTE. 2080/2016.- EXPTE. 2083/2016.- EXPTE. 2084/2016. - EXPTE. 2085/2016. - EXPTE. 2087/2016.- EXPTE. 2088/2016. - EXPTE. 2090/2016. - EXPTE. 2140/2016.- EXPTE. 2325/2016.- EXPTE. 2358/2016.- EXPTE. 2368/2016.- EXPTE. 2369/2016.- EXPTE. 2370/2016.- EXPTE. 2371/2016.- EXPTE. 2372/2016. - EXPTE. 2373/2016.- EXPTE. 2378/2016.- EXPTE.2379/2016.- EXPTE. 2381/2016.- EXPTE. 2382/2016.- EXPTE. 2399/2016.- EXPTE. 2400/2016.- EXPTE. 2406/2016.- EXPTE. 2410/2016.- EXPTE. 2411/2016.- EXPTE. 2412/2016.- EXPTE. 2414/2016.- EXPTE. 2415/2016.- EXPTE. 2416/2016.- EXPTE. 2418/2016.- EXPTE.2467/2016.- EXPTE. 2475/2016.- EXPTE. 2476/2016.- EXPTE. 2494/2016.- EXPTE. 2495/2016.- EXPTE. 2499/2016.- EXPTE. 2500/2016.- EXPTE. 2501/2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

4.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONQUE Á REDE DE SUMIDOIROS.

EXPTE. 2247/2016.- REGO GARCIA MANUEL.

Vista a solicitude de D. Manuel Rego García, e domicilio a efectos de notificación en Faro, 7, en Area, para realizar o entronque á rede de sumidoiros, para a vivenda sita en Faro, 7, Area, para o tipo de obra: vivenda unifamiliar.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	P.VC. 315
Diámetro da acometida	160
Lonxitude da acometida	4
Terreo	Asfalto
Observacións	A acometida discorre por

Concello de Viveiro

	terreos particulares diferentes ao que solicita, aun sendo do mesmo propietario.
--	--

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e praxe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de sumidoiros solicitada por D. Manuel Rego García, debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 14,68 euros, segundo o art. 5.1 da Ordenanza.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para a súa notificación aos interesados e departamentos municipais correspondentes.

EXPTE. 2634/2016.- VELOSO BALSEIRO CARLOS.

Vista a solicitude de D. Carlos Veloso Balseiro, e domicilio a efectos de notificación en Granxas, 68-70- 5ºB, en Covas, Viveiro para realizar o entronque á rede de sumidoiros, para a vivenda sita en Pallaregas, 11, para o tipo de obra: vivenda unifamiliar.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	P.VC. 315
Diámetro da acometida	160
Lonxitude da acometida	7 M
Terreo	Asfalto
Observacións	Ten que romper asfalto.

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza



Concello de Viveiro

urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e prace do arquitecto municipal. Establécese polo arquitecto municipal unha fianza de 300,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de sumidoiros solicitado por D. Carlos Veloso Balseiro, debendo aboar as taxas municipais correspondentes, 14,68 euros, segundo o art. 5.1 da Ordenanza, por un importe de 300,00 euros.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para a súa notificación aos interesados e departamentos municipais correspondentes.

5.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 2296/2016.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 2296/2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

6.- AXUDA NO FOGAR

EXPTE. 2385/2016.- ADELA PEREZ GARCIA

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Adela Pérez García.

Concello de Viveiro

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atención de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>80%<150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva por vía de urxencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. Adela Pérez García, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva mediante vía de urxencia, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

EXPTE. 2439/2016.- MARIA TERESA FRAGA ALVARIÑO.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. María Teresa Fraga Alvariño.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atención de carácter doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>80%<150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	6 horas semanais.
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Paso á lista de agarda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. María Teresa Fraga Alvariño, coas características especificadas no informe da traballadora social, pasando á lista de agarda.



Concello de Viveiro

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

EXPTE. 2441/2016.- MARIA DEL CARMEN RODRIGUEZ CASTRO.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. María del Carmen Rodríguez Castro, e domicilio en Jesús Noya, nº 6-2^o, en Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atención de carácter persoal.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>150%<200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	2 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. María del Carmen Rodríguez Castro, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

7.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

EXPTE. 2631/2016.- Solicitude devolución aval obra "Substitución tubería marxe dereita dirección Viveiro LU-161 (fase 2 e 3-lote 2)".- CARFERLO, S.L.

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por *CARFERLO, S.L.*, en data 31 de agosto de 2016, referente á obra "FASE 2 Y 3 DE LA MEMORIA PARA LA SUSTITUCION DE TUBERIA EXISTENTE DE ABASTECIMIENTO DE AGUA EN EL MARGEN DERECHO DIRECCION VIVEIRO DE LA LU-161".

Visto o informe de D. Santiago Meitín Míguez, como director técnico da mencionada obra, de data 28 de setembro de 2016, no que se indica que transcurrido un ano dende a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación se producen por causas non imputables ó

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

contratista, observa que as prestacións obxecto do contrato cumpren as cláusulas e condicións técnicas, o que informa ós efectos da devolución da fianza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por *CARFERLO, S.L.*, referente á obra "FASE 2 Y 3 DE LA MEMORIA PARA LA SUSTITUCION DE TUBERIA EXISTENTE DE ABASTECIMIENTO DE AGUA EN EL MARGEN DERECHO DIRECCION VIVEIRO DE LA LU-161".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Contratación para a súa notificación aos interesados e a comunicación aos departamentos de Intervención e Tesourería para a súa tramitación

EXPTE. 42/2016.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO "ALUGUER NAVE ALMACEN MUNICIPAL".

Visto o expediente de contratación EXPTE. 42/2016, denominado "Aluguer dunha nave para almacén municipal do Concello de Viveiro".

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 3 de xuño de 2016 se aprobou o expediente de contratación mencionado, cun prezo máximo mensual, que ascende á cantidade de 1.250,00 euros, IVE incluído, cun prazo de duración dun ano con posibilidades dunha prórroga anual de máximo dous anos, así como o gasto, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e a tramitación do expediente polo procedemento aberto e tramitación urgente.

Visto que no prazo para a presentación de proposicións foi rexistrada proposición unicamente por D^a. Encarna Santos Freire.

Visto que en data 22 de xullo de 2016 se procedeu á valoración da oferta presentada pola licitadora, consonte á regulación establecida na cláusula 14 do prego de cláusulas regulador do expediente, propoñendo como adxudicataria a única ofertante D^a. Encarna Santos Freire, por prazo dun ano e por importe de 1.100,00 euros, ive engadido.

Visto que tras o requerimento establecido no artigo 151.2 do TRLCSP, a licitadora presentou a documentación requerida .

Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Xurídicos, coas observacións recollidas no mesmo, coa conformidade de Intervención.

Visto o informe proposta emitido polo Servizo de Contratación.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado “Aluguer dunha nave para almacén municipal do Concello de Viveiro” a D^a. Encarnación Santos Freire, con DNI núm. 33.672.230-T, por un prazo dun ano (1) e por un prezo mensual de aluguer de “mil cen euros” (1.100,00euros), IVE engadido, consonte ao seguinte desglose:

Prezo base	21 % IVE	Prezo total
909,10 €	190,90 €	1.100,00 €

Segundo.- A formalización deste contrato coa empresa adxudicataria levarase a cabo no día 14 de outubro de 2016.

Terceiro.- Notificar este acordo ó adxudicatario e publicalo no perfil do contratante,

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación aos interesados, a súa comunicación aos Departamentos correspondentes así como remitir anuncio referente á formalización do contrato ó Boletín Oficial da Provincia de Lugo e a continuidade do expediente ata a súa finalización.

EXPTE 100/2016.

Neste Concello tramitouse expediente de contratación para a obra “Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga na rúa Rego das Frores”, adxudicándose en data 9 de agosto de 2016 á empresa Carferlo S.L.

Consta no expediente contrato administrativo asinado en data 11 de agosto de 2016. A acta de comprobación do replanteo consta con data 9 de setembro de 2016.

Segundo os datos que obran no expediente (acta da mesa de contratación de data 15 de xullo de 2016, oferta do adxudicatario, contrato administrativo e acta de comprobación de replanteo) o prazo de execución das obras remataba o día 29 de setembro de 2016.

Consta no expediente informe do director da obra, de data 29 de setembro de 2016, no que se sinala que na referida data as obras se atopan sen rematar, adxuntándose listado de medición das obras executadas e reportaxe fotográfica. Este informe comunícaselle ao contratista.

En data 4 de outubro por parte do contratista preséntase escrito no que informa que a dita data as obras detalladas no proxecto se atopan rematadas a excepción soamente da partida 3.4 de colocación de luminarias, sinalando que as partidas pendentes de rematar derivan de

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

causas alleas á empresa (incumprimento de entrega do proveedor), adxuntando documentación acreditativa ao respecto.

Consta no expediente informe emitido polo director das obras, en data 5 de outubro de 2016, no que se indica que se comproba que as obras se atopan rematadas a expensas do referido nos apartados 3.2, 3.4 e 3.5 do Capítulo 3 “alumeado público” do proxecto da referida obra, adxuntándose reportase fotográfica.

Dos antecedentes descritos constátase que á data de remate das obras (29 de outubro de 2016) éstas non se atopaban totalmente executadas.

Vista a normativa en materia de contratación e a normativa contractual do presente contrato, da que se esgrime o seguinte:

- O artigo 212 do TRLCSP establece que o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dentro dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo incurrixe en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias en proporción de 0,20 euros por cada 1.000,00 euros do prezo do contrato. O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, se considere necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades. As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se tivese designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución da cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se tivese constituído, cando non podan deducirse das mencionadas certificacións.

- O artigo 213 do TRLCS recolle que se o retraso se produxo por motivos non imputables ao contratista e éste ofrece cumprir os seus compromisos dándolle prórroga do tempo que se lle tivese sinalado, concederáse pola Administración un prazo, que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

- O prego de cláusulas administrativas particulares, na cláusula 31 establece que o contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato. Prevese a posibilidade de prórroga cando o contratista non poda cumprilo por causas que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente. Recóllese así mesmo, a regulación establecida no artigo 212

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

do TRLCS para os supostos de demora do prazo de execución por causas imputables ao contratista.

- A petición de prórroga do prazo de execución regúlase no artigo 100 do RLCAP, establecéndose que en todo caso debe ser solicitada e resolto sobre a mesma pola Administración antes do remate do contrato.

Antes da data de remate do contrato o órgano de contratación non tivo coñecemento da demora no cumprimento do prazo, derivase esta demora de causas imputables ao contratista ou non.

- O artigo 98 do RLCAP preceptúa que cando o órgano de contratación, no suposto de incumprimento dos prazos por causas imputables ao contratista opte pola imposición de penalidades e non pola resolución, concederá a ampliación do prazo que estime resulte necesario para o remate do contrato.

Da documentación obrante no expediente pode considerarse o seguinte:

- Que non resulta imputable ao contratista a demora na realización das partidas correspondentes ao Capítulo 3 do proxecto, “alumeado público”, segundo se desprende do incumprimento de entrega do proveedor.
- O resto de partidas pendentes de rematar á data de finalización de obra constátase no informe do director de obra que en data 5 de outubro se atopaban rematadas.
- O contratista non aporta xustificación da causa de demora na execución alegada respecto aos paróns provocados pola empresa de servizos funerarios que hai na rúa.

En base aos antecedentes expostos e á normativa referida, tendo en conta que a obra se atopa subvencionada e o prazo de xustificación da subvención remata o 30 de outubro, e que ante a demora no prazo de xustificación imputable ao contratista (aspecto que cabe dilucidar no oportuno expediente) a Administración pode optar pola resolución do contrato ou a imposición de penalidades; considérase que, atendendo ao interese xeral, debe optarse (no suposto de quedar acreditado que a demora resulta imputable ao contratista) pola imposición de penalidades, dende o remate do prazo de execución á data de remate das obras (a excepción das correspondentes ao capítulo “alumeado público”)

Con base nos anteriores feitos e fundamentos e atendendo á documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Incoar expediente en base ao disposto no artigo 212.4 do TRLCSP aos efectos de determinar se a demora no cumprimento do prazo do contrato resulta imputable ao contratista e polo tanto procede a imposición de penalidades.



Concello de Viveiro

Conceder un prazo de alegacións ao contratista de 10 días hábiles, indicando que en virtude do disposto no artigo 76 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá presentar alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo en calquer momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.

Informar ao contratista que o prazo máximo para resolver o expediente será de tres meses dende a data do presente acordo.

Segundo.- Requerir ao contratista para que nun prazo máximo de 5 días hábiles se informe a esta Administración se ten coñecemento da data de entrega do proveedor do material necesario para poder proceder á realización das obras correspondentes ao capítulo 3 do proxecto, e polo tanto poder coñecer en que momento poden verse rematadas ditas obras.

EXPTE 119/2016.- CERTIFICACIÓN DE OBRA

Vista a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Reposición de firme en el vial denominado Rúa do cemiterio sito en el núcleo urbano de Celeiro (Viveiro)", por importe de 54.450,00 euros, emitida en data 13 de setembro de 2016, a abonar ó adxudicatario (Carferlo S.L.), fiscalizada de conformidade por intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Reposición de firme en el vial denominado Rúa do cemiterio sito en el núcleo urbano de Celeiro (Viveiro)", por importe de 54.450,00 euros, a abonar ó adxudicatario (Carferlo S.L.).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación aos interesados, e a súa comunicación aos Departamentos de intervención e tesourería para o seu coñecemento e efectos.

EXPTE 132/2016.- CERTIFICACIÓN DE OBRA



Concello de Viveiro

Vista a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias no Concello de Viveiro", por importe de 74.000,00 euros, emitida en data 4 de outubro de 2016, a abonar ó adxudicatario (Construcciones Isidro Otero, S.L.), fiscalizada de conformidade por intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias no Concello de Viveiro", por importe de 74.000,00 euros, a abonar ó adxudicatario (Construcciones Isidro Otero, S.L.).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación aos interesados, e a súa comunicación aos Departamentos de intervención e tesourería para o seu coñecemento e efectos.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

EXPTE. 2656/2016.- SOLICITUDE DE CAMBIO DE VEHÍCULO-TAXI.- QUELLE BASANTA MARIA DEL MAR.

Vista a solicitude de D^ª. María del Mar Quelle Basanta, con DNI 33.991.489-L, e domicilio na rúa Purísima, 13, 27863 Celeiro, en Viveiro, titular da licenza de taxi nº 6 deste Concello, na que se manifesta que procedeu ó cambio do seu vehículo marca Peugeot 607 PK TITAN HDI, matrícula 2318 GJH, polo vehículo marca VOLKSWAGEN, matrícula 5905JSG, adxuntando copia da ficha técnica e permiso de circulación do novo vehículo e copia da licenza municipal de taxi correspondente ó vehículo anterior.

Por parte de Secretaría indícase que según o establecido na Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia pode autorizarse a substitución de vehículos para o exercicio da actividade sempre que o vehículo que substitúa ó anterior sexa máis novo e reúna as condicións esixidas para a prestación do servizo.

Vista a documentación presentada coa solicitude de cambio de vehículo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o cambio de vehículo adscrito ó servizo de taxi, solicitado por, D^ª. María del Mar Quelle Basanta, titular da licenza de taxi nº 6, de Viveiro, cambiando o vehículo marca Peugeot 607 PK TITAN HDI, matrícula 2318 GJH, polo vehículo marca VOLKSWAGEN, matrícula 5905JSG.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Segundo.- Notificar o presente acordo ó interesado e ó Servizo de Mobilidade, así como proceder á súa anotación no Rexistro Municipal.

9.- APROBACIÓN DA CONTA DE PAGO A XUSTIFICAR

EXPTE. 1588/2016

Vista a conta xustificativa referente ás Festas Patronais de Viveiro 2016, en relación cos fondos librados a xustificar por valor de 50.000,00 euros (referencia contable 33001.226), a favor de D. Jesús Fernández Fernández, para facer fronte ós gastos polas actuacións musicais, detalladas na proposta da Concellería de Facenda, con motivo das Festas Patronais e de Verán 2016.

Visto o informe emitido por Intervención en relación coa conta xustificativa de fondos librados a xustificar por valor de 50.000,00 € (Referencia contable 22016001650) a favor do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para facer fronte ós gastos por premios nas Festas de Verán 2016, no que se sinala que:

- A documentación presentada xustifica o gasto realizado de 42.079,00 €, según a Base 26.5 das Bases de Execución do Presuposto de 2016. Que ademáis dese gasto existen uns descuentos por retencións de IRPF de 180,00 €.
- Que a cantidade a reintegrar na aplicación 3380.22609 (Actividades culturais e deportivas. Festas populares) é de 7.921,00 €.
- Os gastos efectuados se corresponden coa finalidade para a que foi concedido o mandamento de pago a xustificar.
- Consta xustificante de reintegro (Carta de pago de data 23/09/2016) das cantidades no invertidas por importe de 7.921,00 €, de conformidade co establecido no artigo 70.2 del R.D. 500/1900.
- A xustificación das cantidades percibidas se producen dentro do prazo máximo de tres meses, desde a percepción dos correspondentes fondos, tal como prevé a Base 26.4 das Bases de Execución do Presuposto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, ausentándose neste momento da sesión o concelleiro D. Jesús Fernández Fernández, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedido a favor de D. Jesús Fernández Fernández, segundo os seguintes datos: xustifícase un gasto realizado por importe de 42.079,00 euros. Ademáis do referido importe existen uns descontos por retencións de IRP de 180,00 euros. Consta xustificante de reintegro na aplicación orzamentaria 3380.22609 (Actividades culturais e deportivas. Festas populares) a cantidade de 7.921,00 €.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención e Tesourería.

10.- FIXACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Por parte da Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 46 TRRL e 112 ROF, proponse á Xunta de Goberno Local modificar a data e hora das sesións ordinarias semanais para os luns ás 13:30 horas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda fixar como día e hora das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local os luns ás 13:30 horas.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:30 horas do día 6 de outubro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.